

### NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓNS ADAPTADAS 2º TRIMESTRE:

Todos aqueles alumnos e alumnas de 6º EP que teñan suspensa a segunda avaliación de Lingua Galega e conten cunha adaptación na materia, deben centrarse en realizar estas actividades de recuperación. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

Aínda así, realizade tamén a actividade de Lingua Galega proposta para esta semana que consiste en gravar un vídeo de 15 segundos e así poder participar na sorpresa. Tedes toda a información sobre esta tarefa nas actividades de Lingua Galega publicadas esta semana na páxina web do colexio.

A data límite para a entrega destas actividades de recuperación é o **vernes 15 de maio**.

Unha vez feitas, debedes envialas ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes envialas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.

Calquera dúbida, escribídeme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!

## 6º EP. Lingua Galega: Recuperación adaptada segundo trimestre.

Nome: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Rodea os ditongos e clasifica estas palabras segundo o número de sílabas.

troita	rei	aire	avión
compañeiro	ollomol	meu	vai
colexio	restaurante	biscoito	vexetariano
paisaxe	aula	socio	residuo

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas

### 2. Separa estas palabras en sílabas e clasifícaas.

amorodo	zume	aguacate	abelá
chourizo	pemento	peixe	queixo
maceira	polvo	peteiro	ovella

Palabras con ditongo	Palabras sen ditongo
lei – tu – ga	es – pa – gue – tes

**3. Escribe palabras que cumbran estas condicións.**

a) Tres palabras que teñan dúas sílabas.

---

b) Tres palabras que teñan tres sílabas.

---

c) Tres palabras que teñan catro sílabas.

---

**4. Agrupa as palabras que pertencen á mesma familia.**

campamento  
chuvasqueiro

acampar  
recollector

libreiro  
colleitora

chuvia  
librería

<b>campo</b>	<b>libro</b>	<b>chuvia</b>	<b>colleita</b>

**5. Escribe tres palabras para cada familia léxica.**

- Pan: \_\_\_\_\_

- Flor: \_\_\_\_\_

**6. Rodea a sílaba tónica das seguintes palabras.**

sábado	osíxeno	caderno
dragón	caixón	matemáticas
perexil	bacallau	cadrado
exército	bolígrafo	lunar
fácil	escola	café

**7. Clasifica as palabras da actividade anterior.**

agudas	graves	esdrúxulas

**8. Le o seguinte texto e contesta as preguntas.**

**REX**

Cando mamá viu a Rex dixo que non quería animais na casa e que aquel can podía ser perigoso. Mentres, Rex empezou a morder o coxín do sofá.

Cando chegou papá, conteille o sucedido e el dixo que mamá tiña razón, que o can era descoñecido e que podía estar doente e mordernos. Eu respondinlle que Rex non estaba enfermo. Papá mirou a Rex, rañoulle a cabeza e dixo:

*- É certo que parece san o canciño este.*

Rex púxose a lamberlle a man e papá dixo:

*- É simpático. Espérame aquí. Vou tratar de amañar isto coa túa nai.*

Cando papá saíu explicoume que mamá non quería un can na casa. Eu dixen:

*- Se mamá non quere a Rex na casa, podíámolo ter no xardín.*

Papá reflexionou un chisco e despois dixo que era unha boa idea. Eu deille unha aperta forte. Papá empezou a escoller unas táboas no faiado e dixo:

*- Xa verás, ímoslle facer una caseta xeitosa. Un verdadeiro pazo.*

Eu dixen:

*- E despois ensinarémoslle a facer una chea de monadas e coidará a casa!*

Un día, cando a casa de Rex xa estaba feita e mamá xa estaba leda con el, chamaron á porta no xardín.

*- Max! Por fin atópote! Busqueite por todas partes!*

**Agora contesta as preguntas sobre a historia.**

Como se chama o protagonista da historia?

---

Que lle di a súa nai do can?

---

---

Que deciden facer o neno e o seu pai?

---

---

Que pasou ó final?

---

---

Inventa un final para a historia.

---

---

---

---

---

---

---

---